

De orde do Excmo. Sr. Reitor teño a honra de convocar a V. S. á sesión ordinaria do Consello de Goberno que terá lugar o vindeiro día 29 de abril de 2005, na Sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Informe do Reitor.
2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior, celebrada o día 16 de marzo de 2005.
3. Elección dos profesores membros da Comisión de Plan de Estudos.
4. Elección de membros da comisión de reclamacións da Universidade.
5. Acordo de constitución da comisión para a elaboración do plano de normalización lingüística da UDC e elección dos membros.
6. Aprobación de convenios.
7. Aprobación do regulamento interno da Facultade de CC. Económicas e Empresariais.
8. Aprobación do trasvase de capítulo I a capítulo VI dos orzamentos da cantidade correspondente ao complemento por cargo académico de D. Juan José Pernas García.
9. Convocatoria de eleccións parciais de representantes de estudantes na xunta do INEF-Galicia.
10. Constitución de grupos do plano estratéxico e elección dos membros.
11. Modificacións de cursos de especialización e títulos propios.
12. Proposta de Premios extraordinarios.
13. Aprobación do regulamento da venia docendi dos centros adscritos.
14. Aprobación do regulamento de selección do profesorado funcionario.
15. Proposta de modificación do regulamento electoral da Universidade.
16. Rolda de intervencións.

Achégase coa presente a documentación relativa aos puntos 5, 7, 8, 9, 11,12 e 15. A documentación referente aos puntos 13 e 14 será enviada unha vez celebrada a COAP. A documentación completa relativa aos puntos 2 e 6 atópase na Secretaría Xeral, estando depositada unha copia na Secretaría Xeral Técnica do Campus de Ferrol.

Lémbrese aos Sres./Sras. Membros do Consello que é posible aparcar no patio interior da Reitoría durante a sesión.

A Coruña, 22 de abril de 2005
A SECRETARIA XERAL

Asdo. Patricia Faraldo Cabana

SRES./SRAS. MEMBROS DO CONSELLO DE GOBERNO

De acordo coa convocatoria do Consello de Goberno para o vindeiro día 29 do presente mes, achégolle a documentación referente aos puntos 13 e 14 (Aprobación do regulamento da venia docendi dos centros adscritos e Aprobación do regulamento de selección do profesorado funcionario).

Así mesmo, comunícolle a inclusión no punto 7 do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias, do que se achega copia.

A Coruña, 25 de abril de 2005

A SECRETARIA XERAL

Patricia Faraldo Cabana